

startupsR
DiCo Challenge

bases da primeira edición

Índice

1. introdución	3
2. características de startups R DiCo Challenge	4
2.1 aspectos diferenciais	4
2.2 recursos a disposición dos proxectos	4
2.3 retos do programa	5
2.4 fases do programa	7
2.5 calendario da primeira edición	10
2.6 condicións de financiación	11
3. termos e condicións	12
3.1 requisitos mínimos	12
3.2 criterios de elixibilidade dos proxectos	12
3.3 criterios de avaliación	13
3.4 compromisos xerais	13
3.5 esixencias para os proxectos en aceleración	14
3.6 incompatibilidades	14
4. aspectos legais	15
4.1 aceptación das bases	15
4.2 responsabilidade	15
4.3 propiedade intelectual	15
4.4 revelación de información	16
4.5 comunicacións	16
4.6 protección de datos persoais	16
4.7 reclamacións	17
4.8 miscelánea	17
5. anexos	18
5.1 anexo I: documentación xustificativa da axuda da AMTEGA para o apoio a proxectos en fase de aceleración	18

1. introdución

Startups R DiCo Challenge é unha aceleradora vertical especializada no sector dos contidos dixitais en Galicia. Na súa xénese teñen participado tres axentes.

En primeiro lugar, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (en adiante, AMTEGA) formulou un plan de acción denominado DiCo Mindset¹ para estimular o crecemento do sector dos contidos dixitais en Galicia e fomentar o emprendemento e a innovación nese eido. En marcada no Eixo Prioritario 3 do programa, dedicado a fomentar mecanismos de colaboración que permitan o aumento da competitividade das empresas do sector, unha das medidas contempladas é, precisamente, a de startups R DiCo Challenge: un programa de aceleración no sector dos contidos dixitais.

En segundo termo, atópase R CABLE Y TELECOMUNICACIONES DE GALICIA, S.A.U. (en adiante, R), o operador galego de telecomunicacións, parte do Grupo Euskaltel, que tomou a decisión de colaborar coa AMTEGA e promover o desenvolvemento e mantemento desta aceleradora de contidos dixitais de Galicia, startups R DiCo Challenge. A aposta de R consiste en abrirse ao ecosistema de emprendedores, empresas e outras entidades do entorno dos contidos dixitais para colaborar con eles no desenvolvemento de proxectos innovadores que podan, por unha banda, solucionar os retos de innovación da compañía e, pola outra, enriquecer o tecido empresarial galego dos contidos dixitais.

E en terceiro lugar, a Corporación Radio e Televisión de Galicia (en adiante CRTVG). Startups R DiCo Challenge concíbese con vocación sectorial, aberta e colaborativa. É por iso que se buscou dende o principio a implicación doutros axentes. Así, nesta primeira edición, a aceleradora conta co patrocinio de CRTVG, que definiu un dos retos cos que se abre a convocatoria e que participará activamente na edición.

O sector dos contidos dixitais, no que se especializa startups R DiCo Challenge, ten unha importancia estratéxica tanto en Galicia como en calquera outro lugar do mundo, como consecuencia do cambio de paradigma derivado da dixitalización. Os contidos, ata hai uns anos dependentes doutro tipo de medios, téñense dixitalizado rapidamente e, en boa medida, se consumen e producen a través de canles dixitais. O propio medio dixital supón o xurdimento de novos formatos de contido, novos modelos de negocio e novos patróns de consumo, ademais de perfís de consumidor cun papel máis activo e dinámico. Trátase, en suma, dun sector en profunda transformación, onde resulta de vital importancia e gran valor o esforzo en innovación e emprendemento.

Este é o reto de startups R DiCo Challenge.

¹ <https://amtega.xunta.gal/es/planes/dico-mindset>

2. características de startups R DiCo Challenge

Este capítulo dedícase a describir startups R DiCo Challenge. En primeiro lugar, sinálanse os aspectos diferenciais da aceleradora. Logo, no seguinte apartado, explícanse os recursos de que disporán os proxectos que participen. Despois, describiranse os retos do programa, seguidos polas fases. Nos apartados finais, detállase o calendario e as condicións de financiamento.

2.1 aspectos diferenciais

Vertical dos contidos dixitais

Startups R DiCo Challenge é unha aceleradora especializada na vertical dos contidos dixitais en Galicia. A súa condición de vertical favorece que o programa poda estar máis adaptado ás necesidades concretas dos proxectos participantes, que sexa posible proporcionarlles servizos de mentorización, titorización e formación mellor enfocados, e que haxa máis posibilidades de que se dean sinerxías enriquecedoras entre todos os axentes implicados (proxectos, mentores, titores, formadores, entidades promotoras, entidades patrocinadoras, empresas do sector, mercado, clientes).

Saída comercial

Startups R DiCo Challenge é unha aceleradora baseada en retos; é dicir, a convocatoria de startups R DiCo Challenge baséase en peticións concretas formuladas por R e por CRTVG de acordo coas súas necesidades de innovación e de mellora en materia de proposta de valor, operacións e saída ao mercado. Estes retos, ademais, son unha expresión das demandas do mercado. En consecuencia, os proxectos participantes teñen nestas entidades a un primeiro cliente comercial ou, alternativamente, a un intermediario que está en contacto directo co mercado de usuarios finais.

Cadea reto – mentor – proxecto

En startups R DiCo Challenge, cada reto correspóndese cunha persoa concreta, un dos membros do persoal de R ou de CRTVG, que experimenta na súa actividade profesional o problema ou circunstancia que ten levado á formulación do reto e que se ocupará de mentorizar unicamente ao proxecto que resulte elixido para desenvolver a solución. Esta é a chave do funcionamento da aceleradora e o que asegura o interese por parte de todas as partes implicadas en que os proxectos participantes produzan os resultados esperados.

Axilidade

O de startups R DiCo Challenge é un enfoque rápido e directo. Trátase, en esencia, de colaborar para resolver problemas relevantes e específicos, e de que os proxectos participantes atopen un lugar no mercado. É por iso que a fase de aceleración ten unha duración de só 4 meses e que se emprega unha metodoloxía de apoio aos proxectos de emprendemento centrada en facer un uso eficiente dos recursos e obter unha validación temperá do mercado.

2.2 recursos a disposición dos proxectos

Mentorización

Os proxectos participantes serán mentorizados pola persoa responsable do reto que corresponda, pertencente a R ou, no seu caso, a CRTVG, que compartirá con eles a súa visión e experiencia nese campo en concreto e supervisará que a súa evolución se corresponde coas expectativas determinadas ao inicio da fase de aceleración.

Titorización

Ademais do seu respectivo mentor, cada proxecto contará cun titor específico pertencente á oficina técnica de startups R DiCo Challenge, que se ocupará de prestarlle apoio de xeito

continuado durante a fase de aceleración en todos aqueles aspectos relacionados coa xestión dun proxecto de emprendemento e innovación no marco da aceleradora.

Formación

Os proxectos participantes recibirán dous tipos de formación: por unha banda, formación xenérica, relativa a metodoloxías de emprendemento e a aspectos xerais do sector dos contidos dixitais; pola outra, formación específica, deseñada a propósito do reto para cubrir as súas necesidades concretas de adquisición de coñecementos e experiencia.

Espazo startups R no centro de emprendemento de la Cidade da Cultura

A aceleradora conta cun espazo de *coworking*, salas de reunións e oficinas individuais no centro de emprendemento da Fundación Cidade da Cultura, que é o ámbito no que terán lugar as actividades comúns do programa.

Infraestruturas de R e CRTVG

Antes de iniciarse a fase de aceleración, startups R DiCo Challenge analizará as necesidades de medios técnicos que teña cada proxecto para desenvolver e probar a súa solución. A partir desa análise, R e CRTVG estudarán a posibilidade de proporcionar ao proxecto acceso ás súas infraestruturas e medios baixo condicións que se pactarán bilateralmente co proxecto.

Financiamento

Os proxectos optarán a recibir distintos tipos de financiamento. En primeiro termo, a AMTEGA porá á súa disposición ata 4.000 € a fondo perdido, para cubrir gastos de desprazamento, manutención ou outros. En segundo lugar, startups R DiCo Challenge colaborará en buscar os instrumentos de financiamento axeitados para cubrir as necesidades do proxecto. Finalmente, tanto R como CRTVG avaliarán a posibilidade de asinar co proxecto, de xeito bilateral, un acordo de primeiro pedido.

Networking

Durante a súa participación en startups R DiCo Challenge, os proxectos terán a oportunidade de relacionarse con distintos axentes do ecosistema dos contidos dixitais en Galicia a través de eventos, obradoiros, actividades específicas e a presentación final do proxecto (Demo Day).

2.3 retos do programa

Os retos son necesidades de innovación xurdidas no seo de R, a empresa promotora de startups R DiCo Challenge, e da entidade patrocinadora CRTVG, que, á súa vez, expresan necesidades do sector dos contidos dixitais e do propio mercado.

A súa función é poñer foco á convocatoria e orientar os proxectos participantes cara a oportunidades reais de negocio, tanto no entorno mais inmediato das entidades tractoras como, sobre todo, con outros clientes e mercados.

Para a primeira edición de startups R DiCo Challenge téñense definido os seguintes retos:

1. Enriquecemento de contidos deportivos

Deporte, datos e televisión, ese é o reto.

Interesan as grandes audiencias dos eventos deportivos, as posibilidades dos datos e internet e o impacto dunha experiencia ampliada, intensificada.

Imaxínate vendo un evento deportivo no televisor. Coa retransmisión, tes información en tempo real sobre cousas como o pulso cardíaco dos deportistas, a velocidade dun balón ou dunha bicicleta, a altura dun salto ou dunha onda, a forza do vento e a temperatura do aire, o chíu dun

comentarista especializado... E agora pensa na oferta de servizos que podería ir asociada en forma de xogos, publicidade, sincronización con aplicacións, elección de cámara...

Se o ves, este é o teu reto: sistemas para o enriquecemento de eventos deportivos.

2. Aplicacións para Android TV

Android TV é unha auténtica galaxia: televisores, operadores de televisión de todo o mundo, aplicacións, unha grande comunidade de usuarios, conexión co resto do ecosistema de Google...

Este reto vai precisamente de desenvolvementos para Android TV. E como o campo de xogo é inmenso, dámosche dúas pistas que nos parecen moi interesantes, para que non te perdas:

Primeira pista: contido xerado pola comunidade de usuarios. O televisor segue a ser a mellor pantalla da casa. **Por que non compartir os meus vídeos nela?**

Segunda pista: **gaming**. Xogar, competir, ver streamings. Pódese **experimentar o gaming desde a tele?**

Se todo isto te suxire algo e lle ves posibilidades, non o dubides, Android TV é o teu campo de xogo.

3. Contidos formativos e divulgativos innovadores

Se os grandes problemas do mundo fosen portas pechadas a formación sería o máis parecido a unha chave mestra: é seguramente o que as abra todas, sen excepción.

Este é un reto para mestres e mestras de claves, un reto necesario. Trátase de abrir portas mellor e máis rápido... con contidos dixitais para formar ás persoas para a vida e o traballo e axudalas a entender o mundo mediante a divulgación científico-tecnolóxica.

En lugar dunha ilustración plana, unha simulación en tres dimensións. Unha voz que pregunta e responde, en vez dun documento fixo. Vivir a experiencia dun contido, velo como se estivese diante, viaxar por el, entendelo máis de cerca. Divulgar e formar coa axuda de complementos que aproveiten todas as posibilidades da realidade aumentada, a simulación tridimensional, o audiovisual, o gaming, a televisión conectada e un longuíssimo e dixital etcétera.

Queres **innovar desenvolvendo contidos dixitais de carácter formativo ou de divulgación científico-tecnolóxica?** A este reto faslle moita falta.

4. Big Data aplicado ao consumo televisivo (patrocinado por CRTVG)

Din que a paciencia é a nai da ciencia. Seguro que hai moito de verdade niso. Pero os datos son a nai do cordeiro. Se sei que chove, saio co paraugas; se sei que chove e fai vento, se cadra deixo o paraugas na casa e me poño chubasqueiro e botas, non é?

Coa televisión, ocorre exactamente o mesmo. Convén coñecer que está a facer a meteoroloxía (e outras moitas cousas) para saber que facer cando, por exemplo, cómpre deseñar a programación, elixir o final perfecto de entre os cinco posibles da serie ou concibir o formato dun programa. Necesitamos información. Ou, mellor dito, precisamos recollela, ordenala, dixerila e tomar a correspondente decisión: a mellor posible, **unha decisión informada**. Os datos están aí fora, pero hai que atopar o xeito de aproveitálos. Con varios xeitos, con medio xeito... co único xeito.

En fin, este si que é un súper reto: **Big Data aplicado ao consumo televisivo**.

5. Reto aberto

Despois de ler os catro retos anteriores quizais non teñas aínda moita gana; que non te inspiran, vaia. Se cadra son demasiado difíciles, demasiado fáciles, demasiado abertos, demasiado pechados...

*Tamén temos cavilado niso, así que, se es innovador dos pés á cabeza, chegou o teu momento. Os proxectos que se presenten a este quinto reto só teñen que cumprir unha condición (unha que ten o seu, por certo): **aportar algo novo no eido dos contidos dixitais.***

Tal vez teñas xa no miolo, ou medio desenvolvido, un proxecto de realidade aumentada e che parece que podería encaixar. Adiante. Ou é que estás a voltas cunha idea de IoT aplicada a contidos dixitais? Fenómeno, pasa tamén. Se vai de ferramentas de animación, bravo, súmate igualmente. E se...?

A resposta sempre vai ser unha benvida. Ah, e non esquezas que se che pode ocorrer algo que xamais se nos pasou pola cabeza. Iso sería xenial.

Viva o reto aberto para ti! 😊

2.4 fases do programa

Convocatoria

A fase de convocatoria é o período no que startups R DiCo Challenge convoca a emprendedores, startups, spin-offs universitarias, spin-outs de corporacións existentes e a empresas e entidades do eido dos contidos dixitais para participar coas súas propostas de proxectos de innovación no programa de aceleración.

Ao abrirse a convocatoria, dispórase na web de startups R DiCo Challenge (www.startupsr.com/dicochallenge) un formulario de inscrición para que os interesados podan presentar os seus proxectos no proceso de selección. Este formulario estará accesible ata o peche da convocatoria. A información e documentación que se solicitará nel será utilizada, en primeiro termo, para comprobar que o proxecto cumpre os requirimentos mínimos de participación e os criterios de elixibilidade (explicados nos apartados 3.1 e 3.2 destas bases) e en segundo lugar, para valorar a súa posible elección conforme aos criterios de avaliación (indicados no apartado 3.3). O formulario será enviado a nome dunha entidade ou empresa promotora que deberá estar legalmente constituída ou, no seu defecto, comprometerse a facelo para ingresar no programa. A incorporación do proxecto ao proceso de selección só será válida cando a persoa de contacto teña recibido un correo electrónico de confirmación de startups R DiCo Challenge ao enderezo facilitado no formulario.

Para solucionar as dúbidas que podan producirse durante o proceso de rexistro e de recheo do formulario de inscrición, póñense a disposición dos interesados un correo electrónico de contacto coa oficina técnica de startups R DiCo Challenge: dicochallenge@mundo-r.com.

Selección

A fase de selección de startups R DiCo Challenge serve para determinar que proxectos entrarán na fase de preaceleración, na que se aceptarán ata 20 proxectos elixidos entre todos os que se teñan presentado correctamente á convocatoria.

Valoraranse, por tanto, todas aquelas candidaturas que cumpran os termos e condicións fixados nas presentes bases. Para a valoración terase en conta de xeito exclusivo a información facilitada na páxina web a través do formulario de inscrición de proxectos, que estará dispoñible mentres se manteña aberta a convocatoria.

A selección levarase a cabo da maneira seguinte:

- a. **Ingreso:** os proxectos que desexen participar no programa proporcionarán a información e a documentación requiridas no formulario de inscrición aloxado na páxina web de startups R DiCo Challenge (www.startupsr.com/dicochallenge). Os proxectos que non cumpran os termos e condicións (explicadas no capítulo 3 das presentes bases) e/ou que non proporcionen a información solicitada en forma e prazo, serán excluídos do proceso de selección. Os ingresados recibirán un correo electrónico de confirmación ao enderezo de contacto indicado.
- b. **Avaliación de preaceleración:** os formularios serán analizados polo Comité Técnico de startups R DiCo Challenge, que os examinará baseándose para iso exclusivamente na información e na documentación proporcionada nos formularios de inscrición. Froito desta avaliación, elixiranse ata 20 proxectos de entre todos os presentados.
- c. **Ratificación:** os proxectos elixidos recibirán unha notificación oficial no correo electrónico de contacto facilitado da súa aceptación na fase de preaceleración de startups R DiCo Challenge e disporán dun prazo de 48 horas para confirmar a súa entrada.
- d. **Acordos de confidencialidade:** os proxectos asinarán o modelo de acodo de confidencialidade de startups R DiCo Challenge, polo que todas as partes implicadas comprometeranse a preservar a confidencialidade das informacións compartidas a partir dese momento.

O Comité Técnico estará formado por representantes dos promotores, R e AMTEGA, representantes da entidade patrocinadora, CRTVG, e por avaliadores independentes que podan ser designados para emitir unha análise complementaria.

Preaceleración

A fase de preaceleración de startups R DiCo Challenge ten por primeiro propósito fomentar o coñecemento mutuo entre os mentores e os equipos de proxecto, para que estes podan afinar as súas propostas e aproximalas ao contido dos retos. O segundo propósito é elixir os 5 proxectos que cursarán a fase de aceleración.

A fase de preaceleración estruturarase do seguinte xeito:

- a. **Obradoiro de modelo de negocio:** os proxectos en preaceleración participarán de xeito presencial nunha sesión na que formadores designados porla oficina técnica de startups R DiCo Challenge impartirán un obradoiro dedicado ao deseño de modelos de negocio.
- b. **Obradoiro de preparación do Pitch:** os proxectos en preaceleración participarán de xeito presencial nunha segunda sesión formativa dedicada á preparación de presentacións de tipo *Elevator Pitch*.
- c. **Mentorización:** os proxectos en preaceleración xuntaranse co mentor que lles corresponda segundo o reto que teñan elixido para que este lles proporcione información adicional sobre o reto, valore os seus modelos de negocio e presentacións Pitch e propoña correccións e melloras ao respecto.
- d. **Pitch Day:** celebrarase un evento de tipo Pitch Day ante o Comité Técnico no que os proxectos en preaceleración deberán presentar as súas propostas e modelos de negocio, segundo o preparado nos obradoiros e nas xuntanzas de mentorización.
- e. **Avaliación de aceleración:** o Comité Técnico levará a cabo unha segunda análise dos proxectos atendendo aos informes proporcionados polos mentores e ás presentacións

Elevator Pitch. Como resultado, elixirase a un máximo de 5 proxectos para participar na fase de aceleración

- f. **Ratificación:** os proxectos elixidos para ingresar na fase de aceleración recibirán unha invitación formal para incorporarse á fase de aceleración de startups R DiCo Challenge. A persoa responsable do proxecto deberá aceptar formalmente a invitación un prazo de 48 horas contestando ao correo recibido. De non recibirse dita aceptación en prazo, a invitación será enviada ao seguinte proxecto mellor valorado.

O Comité Técnico poderá solicitar unha entrevista cos equipos dos proxectos durante esta fase como medida adicional previa á segunda avaliación.

Acordos

Os proxectos seleccionados para a fase de selección asinarán un Acordo de Aceleración que recollerá os compromisos asumidos polos promotores e a entidade patrocinadora de startups R DiCo Challenge referidos ao apoio que recibirá o proxecto durante o programa de aceleración. Como mínimo, neste acordo especificaranse os seguintes aspectos:

- a. O **Plan de Aceleración**, onde se incluírá a descrición dos programas de mentorización e formación, así como o programa de uso dos medios e infraestruturas que poda necesitar o proxecto para desenvolverse.
- b. O **Plan de Financiación** do proxecto, que incluírá o acordo de financiación coa AMTEGA e posibles acordos con outras entidades proveedoras de financiamento.
- c. Os **fitos de desenvolvemento** que deberá cumprir o proxecto durante a fase.
- d. Os **procedementos de finalización** do acordo.
- e. **Acordos comerciais, de colaboración ou de negocio** que poderán activarse tras a finalización do Acordo de Aceleración entre os promotores e/ou patrocinadores de startups R DiCo Challenge e o proxecto, en caso de que este cumpra cos fitos establecidos ou outras condicións acordadas.

Durante esta fase, os proxectos terán en todo momento o apoio da oficina técnica de startups R DiCo Challenge, que se ocupará de guialos a través do proceso de tramitación e acomodo no programa.

Aceleración

Esta fase ten por obxectivo prestar apoio aos proxectos admitidos en startups R DiCo Challenge para conseguir aceleralos e que produzan un produto ou servizo mínimo viable que sexa susceptible de xerar un primeiro pedido ou outra clase de saída comercial. A fase está destinada a proxectos de innovación procedentes de startups, spin-outs (escisións de empresas), spin-offs (organizacións xurdidas de universidades ou centros tecnolóxicos), empresas e outras entidades. Non se seleccionarán proxectos que non teñan domicilio (ou, cando menos, se comprometan a telo) en Galicia.

A fase de aceleración ten unha duración de 4 meses. O proxecto participante terá que superar os fitos de avaliación marcados no Acordo de Aceleración. En caso de que non se cumpran ditos obxectivos, someterase a consideración se o proxecto seguirá a recibir apoio ou se, polo contrario, se procederá á súa expulsión do programa.

Ao ingresar na fase de aceleración, o proxecto terá acceso a todos os recursos de startups R DiCo Challenge xa mencionados previamente neste documento. O ordenamento dos mesmos farase conforme ás necesidades específicas de cada proxecto e se establecerá e planificará no Plan de

Aceleración. Este, á súa vez, poderá ser modificado para adaptarse ás vicisitudes que podan presentarse a medida que o proxecto avance no seu desenvolvemento e demostre o seu rendemento con motivo dos fitos que se teñan establecido.

Saída

Os proxectos que completen a fase de aceleración recibirán o licenciamento de startups R DiCo Challenge, que se producirá nun prazo máximo de 3 meses dende a finalización da fase de aceleración. Este licenciamento consistirá no seguinte:

- **Finalización do Acordo de Aceleración:** os proxectos asinarán a finalización do Acordo de Aceleración e a súa saída de startups R DiCo Challenge.
- **A posibilidade de activación de acordos comerciais, de colaboración ou de negocio que se estableceran,** en caso de que este cumpra cos fitos marcados ou outras condicións acordadas.

2.5 calendario da primeira edición

		Convocatoria	Selección	Preaceleración	Acordos	Aceleración	Saída
2018	NOV						
	DIC	ata 08/02/2019					
2019	XAN		11/02/2019 a 22/02/2019				
	FEB			25/02/2019 a 08/03/2019			
	MAR				11/03/2019 a 15/03/2019		
	ABR					18/03/2019 a 19/07/2019	
	MAI						
	XUÑ						
	XUL						
	AGO						
	SET						22/07/2019 a 30/09/2019

O prazo de inscrición ou fase de convocatoria comeza coa publicación deste documento no sitio web de startups R DiCo Challenge e terá unha duración aproximada de 2 meses. Só se aceptarán na fase de selección aquelas candidaturas que se presenten no prazo establecido e a través do canal axeitado, xa descrito neste documento.

Unha vez que finalice a fase de convocatoria e, polo tanto, teña vencido o prazo de inscrición de proxectos, dará comezo a fase de selección, onde se avaliarán as candidaturas presentadas e se elixirán as que participan na fase de preaceleración de startups R DiCo Challenge. Esta fase terá unha duración máxima de 2 semanas.

A continuación, os proxectos elixidos pasarán á fase de preaceleración, conde accederán aos obradoiros de modelo de negocio e Pitch e á sesión de mentorización, e participarán no Pitch Day para ser avaliados por segunda vez. Esta fase durará un máximo de 2 semanas.

A fase de acordos, na que se establecerá o Plan de Aceleración dos proxectos que superaran a preaceleración, desenvolverase nun período non superior a 1 semana, se ben, no seu caso, se concederán prórrogas en casos excepcionais para facilitar que os proxectos podan aportar a documentación requirida.

Posteriormente, iniciarase a fase de aceleración conforme ao planificado no Acordo de Aceleración, que terá o seu propio calendario de actividades.

Os prazos e datas definitivos serán publicados na web de startups R DiCo Challenge e comunicados ás partes interesadas.

2.6 condicións de financiación

O esquema de financiación para os proxectos participantes en startups R DiCo Challenge artéllase do xeito seguinte:

Compromiso básico de financiamento

Este compromiso básico de financiamento é o que adquirirá o programa con todos os proxectos que ingresen na fase de aceleración de startups R DiCo Challenge. Consistirá nunha achega a fondo perdido dun máximo de 4.000 € proporcionada pola AMTEGA, que os proxectos poderán dedicar a gastos relacionados con manutención e desprazamentos do equipo e compras vencelladas ao desenvolvemento do proxecto durante a fase de aceleración. A aceptación no programa de financiamento será establecida de acordo coas condicións que fixe a AMTEGA.

Acordos bilaterais de financiamento

En paralelo ao compromiso básico de financiamento, as entidades promotoras de startups R DiCo Challenge e aquelas que se sumen ao convenio poderán subscribir acordos bilaterais de financiamento cos proxectos que participen no programa.

3. termos e condicións

Neste capítulo detállanse os distintos condicionantes que determinan a relación entre startups R DiCo Challenge e os proxectos que se presenten á convocatoria e participen nas distintas fases do programa. Enuméranse, en primeiro lugar, os requisitos mínimos, que son as condicións básicas que deben cumprir os proxectos que opten a entrar en startups R DiCo Challenge. En segundo lugar, explícanse os denominados criterios de elixibilidade, que son aquelas características que os proxectos deben presentar para poder seren considerados elixibles e, polo tanto, seren avaliados no proceso de selección. En terceiro lugar, explícanse os criterios de avaliación, que determinan os aspectos que o Comité de Avaliación analizará para seleccionar os proxectos candidatos, e o seu peso relativo. A continuación, detállanse os compromisos xerais e as esixencias que os proxectos participantes deben respectar mentres estea vixente a súa relación con startups R DiCo Challenge. Finalmente, sinálanse as incompatibilidades, polas que se establece que certas entidades, dada a súa implicación en startups R DiCo Challenge, non poden presentar proxectos á convocatoria.

3.1 requisitos mínimos

- Cada organización promotora poderá presentar varios proxectos, pero optará soamente á elixibilidade dun deles.
- O persoal asignado ao proxecto dependerá exclusivamente da empresa seleccionada, quedando esta obrigada ao cumprimento respecto ao seu persoal da normativa laboral e da Seguridade Social.
- As entidades promotoras dos proxectos deberán estar constituídas como sociedade mercantil.
- As entidades promotoras con domicilio social e fiscal noutras rexións ou países deberán presentar un compromiso de fixar o domicilio social e fiscal da sociedade na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Os proxectos terán que establecer un centro de actividade na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Os proxectos terán que dispoñer de todos os dereitos respecto da propiedade intelectual e/ou industrial da idea, produto ou servizo presentado ou, no seu defecto, dispoñer dos permisos correspondentes de uso de propiedade intelectual e/ou industrial de terceiros.

3.2 criterios de elixibilidade dos proxectos

Ámbito dos proxectos: sector e retos

De maneira xeral, os proxectos deberán pertencer ao sector dos contidos dixitais, que é o que constitúe a vertical na que se especializa startups R DiCo Challenge. Neste marco global, os proxectos deberán responder especificamente a cuestións máis concretas definidas a través de retos que a empresa promotora R e a entidade patrocinadora CRTVG definiron conforme ás necesidades de innovación existentes no sector.

Os retos establecidos para a primeira edición de startups R DiCo Challenge son os descritos neste documento no apartado 2.3.

Natureza dos proxectos

Startups R DiCo Challenge diríxese a proxectos de innovación emanados de startups, spin-outs e spin-offs, empresas e outras entidades:

- Startup: empresa de recente creación promovida por emprendedores a título persoal en fase de arranque, xeralmente asociada á innovación e cun modelo de negocio escalable.
- One company spin-out: empresa de recente creación resultado da escisión dun proxecto dunha empresa existente.
- Several companies spin-out: empresa de recente creación resultado da escisión dun proxecto desenvolvido por medio da colaboración de varias compañías.
- Spin-off: proxecto / empresa de recente creación nacida a partir dun desenvolvemento innovador con orixe en universidades ou centros tecnolóxicos.
- Empresas consolidadas.
- Universidades e centros tecnolóxicos.

3.3 criterios de avaliación

As candidaturas recibidas serán avaliadas conforme ao proxecto e ao equipo humano que o desenvolva segundo os criterios definidos na seguinte táboa:

Criterios de avaliación do equipo	Peso relativo
Risco asumido pola entidade promotora	15%
Adecuación das competencias do equipo ao proxecto	15%
Liderado e visión do equipo de proxecto	10%
Compromiso e dedicación do equipo de proxecto	5%
Cohesión e complementariedade do equipo de proxecto	5%
Criterios de avaliación do proxecto	Peso relativo
Grao de aliñamento co reto escollido	15%
Capacidade para desenvolver un produto ou servizo mínimo viable	10%
Viabilidade financeira	10%
Viabilidade comercial	10%
Grao de innovación tecnolóxica e de negocio	5%

3.4 compromisos xerais

Entre os compromisos que deberán asumir os proxectos atópanse os seguintes:

- Aceptar e asumir as bases do programa. A solicitude de participación do no programa supón que o participante coñece, acepta e se obriga a cumprir cos compromisos establecidos nas presentes bases.
- Garantir que a información facilitada é fidedigna.
- Cumprir cos prazos marcados dende startups R DiCo Challenge para a provisión de información.
- Colaborar nas actividades de promoción do programa startups R DiCo Challenge.
- Prestar a súa imaxe para as accións de comunicación e difusión de startups R DiCo Challenge.
- Garantir a entrega de toda a información adicional que poda ser requirida durante o programa.
- Notificar aqueles cambios significativos relacionados coa composición do equipo promotor, a entrada de novos socios no capital social, denominación, marcas e logos, así como facilitar calquera outra información substancial do proxecto durante a vixencia do programa.

- Asistir e participar de forma activa cun mínimo de dous membros rexistrados do equipo promotor á totalidade das actividades do programa.

3.5 esixencias para os proxectos en aceleración

Os proxectos en fase de aceleración deberán observar as seguintes esixencias:

- Dedicación total ao proxecto de cando menos dúas persoas, que deberán cubrir os perfís de xerente, responsable técnico e responsable comercial.
- Cumprimento do cadro de KPIs (*Key Performance Indicators*) e evolución mensual.
- Cumprimento dos fitos ou, no seu defecto, xustificación razoada do incumprimento.
- Participación obrigada en actividades de formación, titorización e mentorización.
- Subscribir, no seu caso, o correspondente convenio singular que establecerá os termos e condicións de execución da subvención concedida pola AMTEGA e que será requisito indispensable para a percepción desta.
- Facer publicidade do financiamento e poio obtidos a través do programa startups R DiCo Challenge nas actividades de difusión relacionadas co proxecto, así como na súa páxina web.
- Prestarse a participar en actividades de difusión, promoción e imaxe de startups R DiCo Challenge.
- Transparencia á hora de informar sobre a evolución e resultados do proxecto.

3.6 incompatibilidades

Respecto á consideración dun proxecto candidato como apto para o proceso de selección, teranse en conta as seguintes incompatibilidades:

- Os membros do Comité Técnico de startups R DiCo Challenge non poderán participar como equipo promotor e/ou ser integrantes dos proxectos seleccionados. En caso de tratarse de persoal adscrito ás súas respectivas entidades, requirirase o consentimento expreso da totalidade dos membros do Comité Técnico.
- Os membros da oficina técnica non poderán participar como equipo promotor e/ou ser integrantes dos proxectos seleccionados nin prestar ningún tipo de servizo externo requirido por startups R DiCo Challenge.

4. aspectos legais

Posto que durante as diversas fases do programa levaranse a cabo intercambios de información, é importante deixar claro o seu uso e as responsabilidades derivadas del.

4.1 aceptación das bases

A participación na convocatoria supón a aceptación destas bases, sen excepcións nin condicionantes, así como calquera resolución que se puidese producir.

No caso de constatare durante o desenvolvemento do programa que algún membro calquera dos equipos participantes non cumpre os compromisos asinados no Acordo de Aceleración, startups R DiCo Challenge resérvase o dereito de esixir o cumprimento destes e, de non ser así, proceder á exclusión do proxecto.

Neste sentido, os proxectos estarán sometidos a unha avaliación continua que abarca todas as fases do programa, polo que todos aqueles que non cumpran os requisitos, obrigacións e fitos establecidos poderán ser excluídos da aceleradora e, en consecuencia, perder os beneficios que se deriven dela previo informe motivado de startups R DiCo Challenge.

Así mesmo, startups R DiCo Challenge resérvase o dereito de cancelar, modificar ou suspender calquera aspecto ou criterio do proceso de convocatoria e selección.

O compromiso asumido pola aceptación destas bases terá efecto a partir da súa aceptación e permanecerá en vigor ata cinco anos despois da finalización da convocatoria na que se aceptaran.

4.2 responsabilidade

Os solicitantes serán responsables de todos os prexuízos, directos ou indirectos, que sexan causados o podan ser causados pola infracción destas bases, exonerando aos responsables do programa de toda responsabilidade ao respecto, sen ningunha excepción.

Nestes termos, os solicitantes serán responsables da infracción de dereitos de terceiros durante a súa participación no programa desta convocatoria e deberán indemnizar ás terceiras partes afectadas e, no seu caso, aos responsables do programa por calquera dano ou prexuízo causado e reclamado xudicial ou extraxudicialmente, incluíndo de xeito expreso os honorarios dos profesionais participantes nos procedementos, polo incumprimento das obrigacións descritas nestas bases.

4.3 propiedade intelectual

Dispoñer, se procede, da propiedade intelectual da idea/proxecto presentado ou dispoñer dos permisos correspondentes para o seu uso é un requisito mínimo fixado nos termos e condicións.

Cada solicitante garante que o contido da súa presentación é da súa creación orixinal e non infrinxe ningún dereito, incluíndo os dereitos de propiedade intelectual de terceiros, e que o contido non é ilegal nin se creou en incumprimento de calquera obrigación contractual cun terceiro.

A información proporcionada polo solicitante debe ser correcta, veraz e completa, asumindo o solicitante plena responsabilidade por calquera inexactitude. De non ser así, startups R DiCo Challenge terá dereito, sen prexuízo de calquera outro medio legal, a retirar, rexeitar ou suspender os dereitos concedidos ao solicitante destas bases.

O participante autoriza expresamente que os responsables do programa podan empregar o seu nome e imaxe en material publicitario relativo a esta convocatoria, sen ningunha contraprestación. Encamiñando a súa solicitude, o participante asume que a remisión do documento de solicitude confirma o carácter voluntario da mesma.

O solicitante acepta que os responsables do programa adopten as decisións relativas á convocatoria, así como á selección definitiva dos proxectos do programa. O solicitante recoñece que, aínda que o seu proxecto sexa seleccionado, os responsables do programa non están obrigados a desenvolver o programa completamente.

4.4 revelación de información

Os participantes consenten a utilización dos datos básicos do proxecto durante os procesos de avaliación contemplados nestas bases.

Así mesmo, a aceptación destas bases autoriza ás entidade promotoras ao emprego do logotipo, nome do proxecto ou calquera tipo de soporte audiovisual desenvolvido ou gravado no transcurso do programa, en todas aquelas actividades de difusión e comunicación que consideren oportunas, con independencia do medio ou formato utilizado.

O contido de todas as ideas e proxectos presentados a esta convocatoria, e todos os datos e informacións de calquera tipo proporcionados polo solicitante, serán tratados como confidenciais por startups R DiCo Challenge, que se compromete a non empregalas para fins distintos dos que xorden deste documento.

4.5 comunicacións

Todas as notificacións relativas ao desenvolvemento do programa serán publicadas na web de startups R DiCo Challenge (www.startupsr.com/dicochallenge) e estarán dispoñibles para a súa consulta previa solicitude dirixida a dicochallenge@mundo-r.com. Calquera outra notificación de tipo individual será comunicada a través dese mesmo enderezo de correo electrónico o daquel que con posterioridade sexa facilitado polos promotores principais do proxecto para esa finalidade.

4.6 protección de datos persoais

R e AMTEGA son os responsables do tratamento dos datos de carácter persoal dos participantes no programa startups R DiCo Challenge. Se o participante ten a condición de representante dunha persoa xurídica participante no programa trataremos os seus datos persoais sobre a base do noso interese lexítimo e coa única finalidade de garantir a participación no programa da súa representación. Se o participante faino a título individual o tratamento se realizará sobre a base da participación no programa e coa única finalidade de garantir a participación no programa.

O tratamento realizarase no período que dure a citada participación, podendo conservarse os datos posteriormente bloqueados durante os prazos que se deriven da prescrición das accións legais relacionadas con ese tratamento.

R poderá ceder os datos tratados ás entidades do Grupo Euskaltel (EUSKALTEL, S.A., TELECABLE DE ASTURIAS, S.A.U. e a Fundación Euskaltel) que participen no programa sobre a base do interese lexítimo con fins administrativos de R para dita cesión. Os fins administrativos para os cales as sociedades do Grupo Euskaltel receptoras dos datos dos participantes tratarán dita información son a xestión centralizada de programas de apoio a startups para promover o desenvolvemento de contidos dixitais.

Así mesmo, os provedores de servizos de R nas áreas de sistemas e tecnoloxía, así como de xestión administrativa, poderán acceder aos datos de carácter persoal no marco da prestación que lle realicen a R.

Os participantes poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación ao tratamento, portabilidade e oposición dirixíndose a R a través dos seguintes datos de contacto: dicochallenge@mundo-r.com ou dirixindo unha solicitude escrita ao Departamento de Innovación de R Cable y Telecomunicaciones Galicia, S.A.U., apartado de correos 2096, 15080, A Coruña.

Tamén poderán dirixirse á Axencia Española de Protección de Datos se consideran que se comete unha infracción da lexislación en materia de protección de datos respecto ao tratamento dos seus datos de carácter persoal ou poñerse en contacto co Delegado de Protección de Datos de R no seguinte enderezo: dpd@mundo-r.com

A efectos do establecido no art. 14 do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación deses datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos) (en adiante, RGPD) R informa de que a información contida na presente cláusula enténdese facilitada polas entidades que integran o Grupo Euskaltel.

Información só aplicable a representantes de empresas: na súa condición de representante da sociedade participante comprométese e obriga a facilitar a información contida nos apartados precedentes a todos os empregados ou persoas de contacto da súa entidade cuxos datos persoais vaian ser facilitados a R no marco da súa participación no programa.

4.7 reclamacións

Para a interpretación e cumprimento destas bases, os responsables de startups R DiCo Challenge e os participantes no programa someteranse á aplicación das leis españolas.

Toda controversia derivada da interpretación ou execución do presente documento será resolta directamente polas partes, para cuxo efecto estas se comprometen a realizar, de boa fe, os seus maiores esforzos para a solución consensuada das súas controversias, atendendo á común intención expresada no mesmo, nun prazo de quince (15) días hábiles contados a partir da data en que calquera das partes dea aviso por escrito á outra respecto de calquera reclamación, sen que a falta de resposta por parte de dita outra parte suspenda o prazo antes sinalado.

Todo litixio, controversia ou reclamación resultante deste documento ou da súa interpretación que non puidera resolverse de acordo co establecido no apartado precedente, así como o relativo ao incumprimento, resolución ou nulidade, resolverase mediante arbitraje. A arbitraje levarase a cabo na cidade de Santiago de Compostela. O laudo arbitral será definitivo e inapelable, renunciando a calquera recurso dispoñible contra o mesmo.

4.8 miscelánea

- Startups R DiCo Challenge non garante a dispoñibilidade e continuidade do funcionamento da web ou dos servizos aloxados nela, pois esta pode sufrir interrupcións ou defectos na súa operatividade. Startups R DiCo Challenge non asume ningunha responsabilidade por calquera dano ou perda sufrida polo demandante debido ao non funcionamento ou á imposibilidade de uso da información ou os servizos prestados a través da web habilitada. E non será responsable de calquera dano ou perda que poda

ser ocasionado por interferencias, omisións, interrupcións, virus informáticos ou desconexións no portal e os servizos por calquera causa, incluíndo causas fóra do control de startups R DiCo Challenge.

- O solicitante non empregará o portal web para enviar contido que poda violar a lei vixente ou a moral pública ou calquera outro contido prexudicial, abusivo, irrespectuoso, difamatorio, vulgar, obsceno, racista ou de calquera outra forma; realizar calquera acto ilegal ou fraudulento; ou enviar calquera tipo de documentación ou material non relacionado cos propósitos da convocatoria ou de startups R DiCo Challenge no seu conxunto. Startups R DiCo Challenge resérvase o dereito de eliminar calquera contido que infrinxa as presentes bases.
- Os participantes no programa asumen a obrigaón de achegar, coa duración prevista no último parágrafo do apartado “Aceptación das bases”, a documentación adicional que se poda requirir por parte dos responsables do programa para o cumprimento de obrigaóns de información que podan derivarse de normas actualmente vixentes ou que podan entrar en vigor mentres dure o programa. O incumprimento do subministración desta información no prazo marcado pode supoñer a suspensión e/ou a resolución do programa respecto dos infractores.
- Nin R nin AMTEGA serán responsables de posibles danos ou prexuízos que se podan derivar de fallos, interrupcións, virus informáticos ou desconexións do portal web o os servizos por calquera causa.

5. anexos

5.1 anexo I: documentación xustificativa da axuda da AMTEGA para o apoio a proxectos en fase de aceleración

Para proceder ao libramento da axuda, o beneficiario deberá presentar ante a AMTEGA, no prazo que para ese efecto se estableza en cada convocatoria, como mínimo a seguinte documentación xustificativa e toda aquela que lle sexa solicitada pola AMTEGA:

- a) Certificacións de estar ao corrente dos deberes tributarios estatais, coa Axencia Tributaria de Galicia e coa Seguridade Social, ou autorización expresa para realizar ditas consultas.
- b) Declaración responsable de non incorrer en ningunha das prohibicións para a obtención de subvencións contempladas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- c) Declaración do conxunto de axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o mesmo proxecto, das administracións públicas competentes ou das súas entidades vencelladas ou dependentes, así como de entes privados.
- a) Declaración sobre calquera outra axuda de mínimos recibida durante os dous exercicios fiscais anteriores e durante o exercicio fiscal en curso (artigo 3.2 do regulamento de mínimos).
- b) Memoria de actuación xustificativa coa descrición das actividades realizadas, se é o caso.
- c) Memoria económica xustificativa do coste das actividades realizadas, que conterá:
 - Relación clasificada dos gastos e inversións na posta en marcha do proxecto, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e , no se caso, data de pago.

- Xustificación dos gastos realizados: facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou coa eficacia administrativa incorporados na relación á que se fai referencia no parágrafo anterior.
 - Xustificación dos pagos efectuados: transferencia bancaria, certificación bancaria orixinal ou extracto de pago. Nestes documentos deberán quedar claramente identificados o/a receptor/a, o/a emisor/a e o concepto de pago. Excepcionalmente, debido á natureza dos gastos, poderase aceptar a xustificación do pago mediante recibo do provedor para gastos de escasa contía por importes inferiores a 1.000 euros.
- d) Declaración responsable relativa á titularidade da conta onde se debe realizar o pago, na que conste a razón social e NIF, así como o código de banco, código de sucursal, dígito de control e código e conta corrente.
- e) Declaración expresa do beneficiario de que as persoas ou entidades contratadas e/ou subcontratadas para as actividades subvencionadas non están vencelladas con el, de conformidade co artigo 27.7.d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no seu Regulamento.
- f) Calquera outra documentación ou material que solicite a tal efecto a AMTEGA ou que o beneficiario considere necesario presentar para unha mellor xustificación das actuacións subvencionadas.

Procederá ao reintegro parcial ou total dos fondos percibidos no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión nos termos previstos no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Os beneficiarios asumen como obrigación facilitar a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións, así como a subministración de toda a información necesaria para que a Administración poda dar cumprimento ás obrigacións recollidas na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. No caso de que o beneficiario non atenda ao requirimento de información en prazo, procederase conforme ao establecido no artigo 4.4 do citado texto legal.

Compatibilidade con outras axudas

Estas axudas serán compatibles con outras establecidas por esta ou outra Administración Pública, organismo ou ente público ou privado, nacional ou internacional para o mesmo fin sen que, en ningún caso, illada ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o coste da actividade subvencionada.

Non obstante ao anteriormente indicado, establécese a incompatibilidade das axudas e patrocinios concedidos con anterioridade ao mesmo proxecto innovador. Dita incompatibilidade será determinada, no seu caso, polo Comité Técnico regulado no Anexo I do Convenio.